

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE**

RESOLUCIÓN do 7 de outubro de 2024 pola que se convoca un proceso selectivo para a provisión temporal mediante un contrato laboral de dúas prazas de titulado/a superior de técnico/a superior de avaliación de tecnoloxías sanitarias para a Unidade de Asesoramento Científico-Técnico.

A Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (Acis), creada polo Decreto 112/2015, do 31 de xullo, conta dentro dos seus obxectivos estratéxicos, co de avaliar as tecnoloxías, os sistemas organizativos e os servizos sanitarios, de acordo con criterios de seguridade, eficacia, efectividade e eficiencia, tendo en conta valores éticos, clínicos, económicos e sociais.

A Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, a través da súa Unidade de Asesoramento Científico-Técnico, Avalia-t, forma parte da Rede Española de Axencias de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias e Prestacións (RedETS) do Sistema Nacional de Saúde (SNS). Esta rede, regulada pola Orde SSI/1833/2013, do 2 de outubro, é a encargada de avaliar as técnicas e os procedementos médicos de cara á súa posible inclusión, á súa exclusión ou á modificación do seu uso dentro da carteira de servizos do SNS.

As tecnoloxías que vai avaliar a RedETS articúlanse a través de plans de traballo anuais, que aproba o Pleno do Consello da RedETS, e referencia o Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde. O último destes plans asignou unha carga de traballo a Avalia-t, Acis correspondente a 859.000,00 €, que se destinarán ao desenvolvemento dos diferentes proxectos que se consignan no anexo 1, do Acordo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde para a aprobación do plan anual de traballo 2024 da Rede Española de Axencias de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias e Prestacións do Sistema Nacional de Saúde, así como da distribución de fondos ás comunidades autónomas para o seu financiamento, por un importe de 5.325.000,00 €, correspondiente ao exercicio orzamentario 2024 (aplicación 26.09.313A.457).

Resumo do proxecto:

Título: Plan anual de traballo da RedETS.

Acrónimo: Plan RedETS.

Coordinador: Consello da RedETS.

Nº proxecto: Acis: 201600006.

CVE-DOG: ewj7t7m5-sww3-0uq6-drv7-cdb9xpmqu9u1



Orzamento total: 5.325.000,00 €.

Orzamento Acis: 859.000,00 €.

A Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2024, no seu artigo 15, prevé a contratación de persoal laboral de carácter temporal para a realización de obras ou servizos concretos e dotados de orzamento.

Polo exposto, en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e se aproban os seus estatutos (DOG nº 157, do 19 de agosto), esta xerencia

RESOLVE:

Anunciar a convocatoria dun proceso selectivo para a provisión temporal, mediante contrato laboral de dous técnicos superiores para desenvolver as avaliacións de técnicas, tecnoloxías e produtos médicos vinculados aos plans de traballo anuais asignados á Axencia no marco da Rede Española de Axencias de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias e Prestacións do Sistema Nacional de Saúde, e aprobar as bases que rexerán o proceso.

As bases reguladoras do indicado proceso inclúense como anexo I desta resolución.

Para participar nesta convocatoria, os/as interesados/as utilizarán o modelo de solicitude que se inclúe no anexo II.

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2024

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo
Xerente da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde

ANEXO I Bases de convocatoria

De conformidade co establecido no artigo 59 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e no artigo 15 do Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, e se aproban os seus estatutos (DOG núm. 157, do 19 de agosto), a Xerencia da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, no exercicio das competencias atribuídas, dispón publicar as seguintes bases para a selección de dous efectivos para desenvolver os traballos de carácter científico que asigna o Consello Interterritorial á Axencia no Pleno do Consello da Rede Española

CVE-DOG: ewj7t7m5-sww3-0uq6-drv7-cdb9xpmqu9u1



de Axencias de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias e Prestacións (RedETS) do Sistema Nacional de Saúde (SNS), que está regulada pola Orde SSI/1833/2013, do 2 de outubro.

Primeira. *Normas xerais*

1.1. Número e características das prazas.

Ao abeiro do artigo 59 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, convócase un proceso selectivo para a contratación de dous técnicos superiores de avaliación de tecnoloxías sanitarias, persoal laboral (grupo I categoría 4) cunha das titulacións de grao (ou licenciado) recollidas no punto 2.1.3 destas bases, para desenvolver as avaliacións de técnicas, tecnoloxías ou produtos médicos asignados á Axencia polo Pleno do Consello da RedETS.

As funcións que se van realizar os técnicos de xestión da investigación do proxecto son:

1. Elaboración dos protocolos dos informes de avaliación tecnolóxica.
2. Selección e avaliación da calidade dos estudos que se van incluír nos informes.
3. Extracción de datos dos estudos e elaboración das táboas de evidencia seguindo o sistema GRADE.
4. Análise, interpretación e presentación dos resultados.
5. Elaboración da discusión e das conclusións do informe.
6. Publicación e actividades de difusión do informe.

* Número de efectivos: 2.

* Centro directivo: o centro directivo é a Unidade de Asesoramento Científico-Técnico da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, adscrita á Consellería de Sanidade, a través do Servizo Galego de Saúde, en Santiago de Compostela.

* Duración: desde a formalización destes ata a finalización do proxecto para o que son contratados.

De acordo co artigo 15 da Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, a duración dos contratos queda con-

CVE-DOG: ewj7t7m5-svv3-0uq6-drv7-cdb9xpmqu9u1



dicionada a que exista un crédito axeitado e suficiente na aplicación orzamentaria que corresponda, computado sempre na súa proxección anual.

1.2. Retribucións.

As retribucións serán as establecidas para o grupo correspondente de acordo coa estrutura salarial definida nos artigos 25 e 26 do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, e na Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, desenvolvida pola Orde do 11 de xullo de 2024 (DOG núm. 136, do 15 de xullo) pola que se ditan as instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica para o ano 2024 e se actualizan as contías das retribucións en aplicación do Real decreto lei 4/2024, do 26 de xuño.

1.3. Modalidade de contrato.

As contratacións executaranse conforme o previsto no artigo 15 e 17 do Estatuto dos traballadores e conforme o disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal o servizo das administracións públicas. Avógase pola vinculación dos profesionais mediante contratos laborais indefinidos, ao abeiro do artigo 23.bis da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, tecnoloxía e innovación, vinculados ao Plan anual e sempre supeditados á existencia de financiamento, considerado o carácter finalista do financiamento e a autonomía e substantividade do servizo.

1.4. Incompatibilidades.

As persoas contratadas estarán sometidas ao réxime xeral de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e demais disposicións complementarias.

Segunda. *Requisitos dos aspirantes*

Para seren admitidos no proceso de selección os/as aspirantes deberán posuír no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manter ata o momento da toma de posesión como persoal laboral os seguintes requisitos, agás o certificado médico referente ao recollido no punto 2.1.5, que deberá acreditarse no momento da contratación.

2.1.1. Nacionalidade.

a) Ter a nacionalidade española.



b) Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea.

c) Ser nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa aplicable a libre circulación de traballadores/as.

d) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, os cónxuxes dos/das españois/españolas e dos/das nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados/as de dereito. Nas mesmas condicións poderán participar os/as seus/súas descendentes e os do seu cónxuxe, sempre que non estean separados/as de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.

e) Ter residencia legal en España, no caso de tratarse de estranxeiros non incluídos nos puntos anteriores.

2.1.2. Idade.

Teren cumpridos os dezaseis anos de idade.

2.1.3. Titulación académica.

– Estar en posesión dunha das titulacións de grao (ou equivalente) na rama de Ciencias ou Ciencias da Saúde.

Este requisito da titulación acreditarase mediante a fotocopia do título dos correspondentes estudos: fotocopia (anverso e reverso) do título de grao ou licenciatura, ou no seu defecto, unha certificación acreditativa onde conste ter finalizado os estudos conducentes á dita titulación xunto co pagamento dos dereitos de expedición.

– Nivel de inglés B2 ou equivalente, de acordo coa táboa de equivalencia de certificados publicada o 7 de xullo no DOG e relacionado coa Orde do 21 de xuño de 2016, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se modifica a Orde do 18 de febreiro de 2011 e na que se establece o procedemento de acreditación de competencia en idiomas de profesorado.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, de ser o caso, a homologación do título. Este requisito non será de obrigación aos aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de dereito da Unión Europea.



2.1.4. Coñecemento do idioma galego.

Acreditar o coñecemento do idioma galego: Celga 4, título de perfeccionamento do idioma galego ou estudos equivalentes

2.1.5. Capacidade funcional.

Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

2.1.6. Habilitación.

Non ter sido despedido/a mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional a cal se pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, non ser inhabilitado/a, ou en situación equivalente, nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

Terceira. *Presentación de solicitudes*

De conformidade co establecido no artigo 59 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, ademais dos/das posibles candidatos/as seleccionados/as polo Servizo Público de Emprego, ao cal se cursará a oferta xenérica dos postos obxecto desta convocatoria, aquelas persoas que desexen formar parte neste proceso selectivo deberán presentar a documentación que a continuación se sinala, tendo en conta que no suposto de que os documentos sexan fotocopias, estas terán que estar debidamente compulsadas:

a. Instancia. Segundo o modelo contido no anexo II que se xunta a estas bases.

b. *Curriculum vitae*, detallado e debidamente xustificado, onde se acredite a súa traxectoria, e experiencia profesional, así como os títulos, os cursos e os diplomas obtidos que se valorarán, se é o caso, no proceso de selección.

c. Fotocopia compulsada da ou das titulacións académicas obtidas que, no caso de se obterem no estranxeiro, deberá estar homologada en España.



d. Acreditación da posesión dun certificado, como mínimo, de nivel de inglés B2 ou equivalente, de acordo coa táboa de equivalencia de certificados publicada o 7 de xullo no DOG e relacionado coa Orde do 21 de xuño de 2016, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pola que se modifica a Orde do 18 de febreiro de 2011 e na que se establece o procedemento de acreditación de competencia en idiomas de profesorado.

e. Acreditación da experiencia profesional, mediante un informe de vida laboral expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social, e un certificado expedido polos órganos competentes en materia de persoal da correspondente organización onde veñan desempeñando os servizos especificando a categoría, as funcións e o período (con data de inicio e remate do contrato) nos que estivo traballando o/a aspirante.

f. Copias compulsadas de certificados de asistencia a cursos ou similares directamente relacionados coas funcións propias dos postos obxecto desta convocatoria. Será necesario que figure nestes o número de horas certificadas.

g. Cando se trate de aspirantes nacionais doutros países, deberán presentar fotocopia compulsada dos certificados de estudos cursados de castelán, que acrediten suficientemente os seus coñecementos deste idioma.

h. Fotocopia compulsada do título acreditativo de superación do Celga 4, curso de perfeccionamento de galego ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (*Diario Oficial de Galicia* número 146, do 30 de xullo).

O enderezo que figura nas instancias considerárase o único válido para efectos de notificacións, e será responsabilidade exclusiva do/da candidato/a tanto os erros na consignación deste como a comunicación de calquera cambio do dito domicilio.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán); no caso de documentos expedidos noutras comunidades autónomas, para que teñan validez deberán estar redactados en castelán ou traducidos por un/unha titulado/a ou polo organismo correspondente. Tratándose de documentos expedidos nun país estranxeiro, deberán estar debidamente traducidos, validados e apostilados pola oficina diplomática española. Loxicamente este parágrafo non fai referencia ás publicacións.

CVE-DOG: ewj7t7m5-sww3-0uq6-drv7-cdb9xpmqu9u1



A presentación da/das solicitude/s faranse no Rexistro da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (avenida Fernando de Casas Novoa, nº 37-1º, portal A, Santiago de Compostela) ou nos lugares previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* estas bases estarán dispoñibles na páxina web da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (<http://www.acis.sergas.es>).

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles desde o día seguinte ao da súa publicación oficial.

Para calquera aclaración ou información adicional os/as interesados/as poderanse pór en contacto telefónico co Servizo de Xestión da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, a través do número de teléfono 981 55 51 03 ou a través do correo electrónico xestion.acis@sergas.es

Cuarta. *Baremo de méritos. Acreditación de méritos e desempates*

Baremo:

Para establecer a orde de prelación na puntuación dos/das aspirantes que corresponda a acreditación de méritos establecida nestas bases, aplicárase o seguinte baremo:

4.1. Servizos prestados: ata un máximo de 9 puntos.

1. Experiencia específica: ata un máximo de 6 puntos.

Computarase o tempo de servizos que as persoas aspirantes acrediten en calquera axencia ou Unidade de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias, en funcións correspondentes á praza de técnico superior en avaliación de tecnoloxías sanitarias, a razón de 0,1 puntos por cada mes traballado nos últimos 5 anos.

2. Experiencia xeral: ata un máximo de 3 puntos. Por cada mes de servizos prestados no ámbito da avaliación de tecnoloxías sanitarias ou da síntese de evidencia no ámbito das ciencias da saúde nos últimos 5 anos: 0,05 puntos ao mes.

A experiencia laboral deberá ser acreditada mediante as certificacións de empresa ou da Administración na que se prestaran os servizos, e especificarase a duración do/dos



contrato/s e as funcións desenvoltas en cada un deles. A experiencia laboral deberá acreditarse, ademais, mediante un informe da vida laboral (www.seg-social.es).

4.2. Formación académica relacionada: ata un máximo de 6 puntos.

1. Computaranse os másteres, os posgraos e/ou os estudos oficiais superiores relacionados coas funcións da praza, conforme o detallado a seguir:

- Pola titulación de máster (2 puntos por máster).
- Polo diploma de estudos avanzados ou estudos de posgrao (1 punto).
- Pola titulación de doutor/a (3 puntos).

2. Computaranse os másteres, posgraos e/o estudos oficiais superiores non relacionados coas funcións da praza, pero relacionados co ámbito das ciencias da saúde, conforme a seguir se detalla:

- Pola titulación de máster (1 punto por máster).
- Polo diploma de estudos avanzados ou estudos de posgrado (0,5 puntos).
- Pola titulación de doutor/a (1,5 puntos).

4.3. Formación continuada: ata un máximo de 2 puntos.

Computaranse os cursos, a asistencia a xornadas, os talleres e/ou os seminarios relacionados coas funcións propias da praza a que se opta, organizados e impartidos directamente pola Escola Galega de Administración Pública, a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, a Academia Galega de Seguridade Pública, o INAP, as escolas oficiais de formación das restantes comunidades autónomas ou da Administración xeral do Estado, as universidades, o Inem, a Dirección Xeral de Formación Ocupacional da Consellería de Traballo, os cursos de formación continua do AFEDAP, segundo a relación de materias que se establece na convocatoria:

- Cursos de máis de 6 horas e menos de 14 horas: 0,1 puntos.
- Cursos de 14 horas e menos de 25 horas: 0,15 puntos.
- Cursos de 25 horas e menos de 75 horas: 0,2 puntos.
- Cursos 75 horas ou máis: 0,3 puntos.



Os cursos/xornadas/talleres e/ou seminarios non relacionados coas funcións propias da praza no serán valorados.

A realización de cursos/xornadas/talleres e/ou seminarios acreditarase mediante fotocopia dos diplomas, os títulos ou os certificados acreditativos da realización destes expedidos para o efecto pola entidade que impartiu a formación nos que conste o contido do curso, a duración (número de horas/días) ou o número de créditos.

4.4. A difusión do coñecemento: publicación de informes ou artigos no ámbito da I+D en saúde: máximo 4 puntos.

A publicación de informes ou artigos no ámbito da I+D en saúde computarase conforme se indica a seguir:

- Informe ETS (1º autor): 1 punto.
- Informe ETS (outros autores): 0,5 puntos.
- Publicación revista (1º autor): 0,75 puntos.
- Publicación revista (outros autores): 0,25 puntos.

4.5. Polo coñecemento acreditado do idioma galego: 1 punto.

En grao superior ao Celga 4: 1 punto.

Só se concederá validez, polo que á acreditación do galego se refire, aos cursos ou titulacións homologados polo órgano competente en materia lingüística da Xunta de Galicia.

4.6. Polo coñecemento acreditado do idioma inglés: 1 punto.

En grao superior ao B2: 1 punto.

4.7. Polo coñecemento acreditado doutros idiomas diferentes do galego, castelán ou inglés: 1 punto.

En grao igual ou superior ao B2: 1 punto.



Os méritos que se van ter en conta neste proceso valoraranse con referencia ao día inmediatamente anterior, inclusive, ao da publicación desta convocatoria.

De producirse empate na puntuación, acudirase para dirimilo á outorgada polos méritos alegados segundo a orde establecida neste anexo e, de persistir, a favor da primeira letra do primeiro apelido, segundo a orde establecida anualmente na resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública pola que se publica o resultado do sorteo o que se refire o regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Non obstante o anterior, no suposto de infrarrepresentación do sexo feminino nos termos establecidos no artigo 153 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, o primeiro criterio de desempate será o de ter a condición de muller.

Quinta. *Tribunal de selección*

O tribunal cualificador deste proceso será nomeado, pola Xerencia da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, conforme o previsto no artigo 11 do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

Así mesmo, lémbrese que á Comisión de Selección lle resultan de aplicación as instrucións relativas ao funcionamento e a actuación dos tribunais de selección do 11 de abril de 2007 e o Acordo adoptado no Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2010.

Sexta. *Admisión dos/das aspirantes e baremación dos méritos*

6.1. Unha vez expirado o prazo de presentación de solicitudes, farase pública na páxina web da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (<http://www.acis.sergas.es>) a relación provisional de admitidos/as e excluídos/as, así como a/as causa/s da súa exclusión.

Poderanse formular alegacións contra a listaxe provisional nun prazo de cinco días hábiles, contados a partir do seguinte ao da súa publicación na páxina web da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde.

As alegacións presentaranse no Rexistro da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (avenida Fernando de Casas Novoa, nº 37-1º, portal A, Santiago de Compostela) ou nas oficinas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



6.2. Unha vez resoltas as reclamacións, publicarase o acordo polo que se aprobe a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas coa baremación provisional dos méritos alegados polos/as aspirantes con expresión da puntuación obtida nunha orde decrecente de maior a menor puntuación.

A estimación ou desestimación das ditas reclamacións entenderase implícita na publicación da relación definitiva de admitidos e excluídos.

Este acordo farase público na páxina web da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde.

O feito de figurar na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza aos/ás interesados/as a posesión dos requisitos exixidos nesta convocatoria. Cando da documentación que se debe presentar, no caso de superar o proceso de selección, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en todos os dereitos que poidan derivar da súa participación neste procedemento.

Poderanse formular alegacións contra a baremación da listaxe provisional nun prazo de cinco días hábiles, contados a partir do seguinte ao da súa publicación na páxina web da Axencia.

As alegacións presentaranse no Rexistro da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (avenida Fernando de Casas Novoa, nº 37-1º, portal A, Santiago de Compostela) ou nas oficinas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A estimación ou desestimación das ditas alegacións entenderase implícita na publicación da puntuación definitiva do proceso.

6.3. O tribunal publicará na páxina web da Axencia (www.acis.sergas.es) a relación definitiva de puntuacións dos méritos dos/das aspirantes admitidos/as.

6.4. Rematado o proceso selectivo, o tribunal propondrá á Xerencia da Axencia como aspirantes a contratar para a cobertura dos postos obxecto desta convocatoria a aqueles/as que tivesen alcanzado os primeiros postos na orde de prelación de resultados das puntuacións definitivas.

6.5. Os/as primeiros/as aspirantes da lista definitiva publicada serán os candidatos/as seleccionados/as para a cobertura das contratacións obxecto desta convocatoria, que de-



berán presentar no prazo de cinco días hábiles, desde que se faga pública a dita lista, a seguinte documentación perante a Axencia:

- Tarxeta sanitaria e/ou número de afiliación á Seguridade Social.
- Certificado médico oficial ou informe de saúde no que se acrediten os puntos sinalados na base 2.1.5.
- Declaración, baixo a súa responsabilidade, de non ter sido separado/a do servizo de ningunha Administración pública, en virtude de expediente disciplinario nin encontrarse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas para efectos de acreditar os puntos sinalados na base 2.1.6.

6.6. Se os/as candidatos/as seleccionados/as non presentan a documentación indicada no punto anterior no prazo establecido, ou presentan a súa renuncia á contratación (caso en que se fará mediante unha solicitude expresa ao respecto, no mesmo prazo sinalado no punto anterior), resultará, en calquera caso, automaticamente seleccionado/a o/a seguinte aspirante segundo a orde de prelación da lista, que deberá presentar nun novo prazo de cinco días hábiles a documentación citada no punto 6.5. Procederase desta forma ata que os/as candidatos/as presenten en prazo e validamente a súa documentación.

6.7. Logo de seleccionados os/as candidatos/as e presentada a súa documentación, segundo o establecido nos puntos anteriores, comprobado o cumprimento dos requisitos exixidos, procederase á formalización das contratacións obxecto da convocatoria.

6.8. Se o longo da duración do proxecto se produce a baixa dalgún aspirante contratado, procederase ao chamamento, para a súa cobertura, do/da seguinte aspirante segundo a orde de prelación da lista resultante desta convocatoria.

Sétima. Norma derradeira

7.1. Todas as resolucións e acordos do proceso de selección publicaranse na páxina web da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde na epígrafe de avisos e tamén no de transparencia e bo goberno.

7.2. Esta convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos deriven dela ou da actuación do tribunal, co carácter de definitivos ou que, sendo de trámite, decidan sobre o fondo do asunto, poderán ser impugnados polos/as interesados/as no prazo e na forma establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

CVE-DOG: ewj7t7m5-svv3-0uq6-drv7-cdb9xpmqu9u1



ANEXO II

Solicitud de participación

Datos persoais:

Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome
DNI/pasaporte		Nacionalidade
Enderezo		Teléfono
Correo electrónico		Data de nacemento

Solicito:

1º. Ser admitido/a na convocatoria para a provisión temporal, mediante contrato laboral, da praza de titulado/a superior como técnico/a superior de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias.

2º. Para tal efecto presento a seguinte documentación: (relacionar a dita documentación).

Lugar, data e sinatura

Santiago de Compostela, ___ de _____ de 2024

Xerencia da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde.

Avenida Fernando de Casas Novoa, nº 37, 1º A (Edificio CNL). San Lázaro.

15707 Santiago de Compostela (A Coruña).

CVE-DOG: ewj7t7m5-svv3-0uq6-drv7-cdb9xpmqu9u1

